

ACTA DA SESION ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CORRESPONDENTE O DIA 19 DE XANEIRO DO 2009.-

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día dazanove de xaneiro de dous mil nove; a unha e media do mediodía xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, Don Marcos Blanco Jorge.- Concelleiros: Don Anxo Collarte Pérez, Don José Ignacio Gómez Pérez e Dona Manuela Iglesias Collarte. Non asiste Don Emilio José Cuiñas Otero.-

Está presente o Secretario do concello, Don Pablo Portela Fernández.

Está presente o Interventor do concello, Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado 12 de xaneiro do dous mil nove (Ordinaria).

2.- OBRAS MAIORES.-

Non houbo.-

3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIADÁNS.

-“Escrito de Arturo-J. Mosquera Diéguez de data de RE 16.01.09 e nº RE 416 en nome e representación da entidade ELEMENTOS PARA A CONSTRUCCIÓN SEIXALVO, SL mediante o cal interpón recurso de reposición por cantidades adeudadas polo Concello de Ribadavia como consecuencia dunha subministración de postes impagados, acompañando documentación acreditativa destas circunstancias.”

Deliberado sobre o particular a Xunta de goberno local acorda por unanimidade dos seus membros proceder ao pagamento destas cantidades, para o cal se adoptarán as actuacións necesarias para porse en contacto con don Arturo-J. Mosquera Diéguez.

4.- ESCRITOS OFICIAIS.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistente, toma coñecemento dos seguintes:

- “Da Consellería de Vivenda e Solo, Convenio de colaboración entre o Instituto Galego de Vivenda e Solo (IGVS) e o Concello de Ribadavia, para a difusión de información do Plan Sectorial de vivenda protexida de Galicia”.

-“Da Conselleria de Política Territorial, Obras Públicas e Transporte, Addenda nº 2 ao Convenio de Colaboración asinado con data 31 de maio de 2006 entre a Conselleria de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, a Conselleria de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, augas de Galicia e o Concello de Ribadavia para a execución de abastecemento, saneamento, beirarúas e seguridade vial na rúa Ribeiro-Carballiño da OU-504”.

-“Dase conta por parte do secretario do informe do aparelador municipal don Elias Pato Rodríguez con data de RE 9.01.09 e nº RE 151 donde se dí o seguinte:

“Girada visita al lugar de referencia compruebo que debido a una posible invasión por maquinaria o salida de vía de algún vehículo de motor, el pozo de registro y arqueta, no disponen de su tapa puesta de forma eficaz.

Dado el riesgo de accidentes y demás circunstancias que se puedan derivar de dicho deterioro se deberá proceder a su señalización y correspondiente reparación.”

Deliberado sobre o particular a Xunta de goberno local acorda por unanimidade dos seus membros dar traslado do citado informe ao concelleiro de obras para que realice as actuacións necesarias.

5.- CUESTIONS ECONOMICAS E ASUNTOS VARIOS.-

PETICION DE SUBVENCIONS.-

“A Xunta de Goberno Local acorda, por unanimidade, acollerse á Orde do 26 de decembro de 2008, pola que se regula a concesión de axudas económicas aos Concellos de Galiza para a contratación temporal de auxiliares de policía local durante a temporada de verán. Asemade acorda tamén por unanimidade, no caso que se conceda a subvención, a contratación temporal dos auxiliares de policía local, aceptando as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos nesta Orde.”

GASTOS E FACTURAS VARIAS.-

Vistas as facturas e demais documentos xustificativos das prestacións que se expoñen á fiscalización conforme da Intervención municipal e considerando que, existe crédito orzamentario no orzamento de gastos para o exercicio 2008, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, e en uso das facultades en canto á xestión do gasto conferidas polo RD Lexislativo 2/2004 e RD 500/1990, delegadas pola Presidencia, acorda:

Primero.- Convalidar a aprobación das facturas realizadas por Resolución da Alcaldía e que seguido relacionanse:

CONGALLE S.L., servicio de recollida de lixo, mes de xullo 2008, por importe de 7.054,47 euros.

EXDEGA, completo pago subvención asientos plastico auditorio, por importe de 4.000 euros.

MUNICIPALIDAD DE VILCABAMBA, gastos de seminario de cláusura en Ecuador, por importe de 4.673,31 euros.

VIAJES PUGA S.A., gastos seminario de clausura en Ecuador (billetes de avión), por importe de 5.375,34 euros.

Segundo.- Comunicar este acordo e ordenar aos servizos de Intervención e Tesourería a súa contabilización e pago.

APROBACIÓN DE MEMORIA VALORADA.-

Por parte do Sr. Alcalde de conformidade co Real decreto lei 9/2008 de 28 de novembro polo que se crea un Fondo estatal de inversión local, preséntase a Xunta de goberno dúas memorias valoradas incluídas nas “*obras financiadas*” do art. 3 da norma citada, sendo estas as seguintes:

-Mellora de infraestructuras na parroquia de San Paio, Santo André, Francelos, Franqueirán e Prexigueiro, cun orzamento de execución por contrata (IVE incluído) de 135.845,59€ , cunha duración aproximada de realización dos traballos de seis (6) meses e cun emprego de man de obra necesario para execución dos traballos de 5 empregados.

Deliberado sobre o particular a Xunta de goberno local en cumprimento do preceptuado polo art. 3 da Resolución de 9 de decembro de 2008 sobre condicións para tramitación e xustificación dos recursos librados con cargo ao Fondo estatal de inversión local aproba as seguintes memorias valoradas:

-Mellora de infraestructuras na parroquia de San Paio, Santo André, Francelos, Franqueirán e Prexigueiro, cun orzamento de execución por contrata (IVE incluído) de 135.845,59€ , cunha duración aproximada de realización dos traballos de seis (6) meses e cun emprego de man de obra necesario para execución dos traballos de 5 empregados.

APROBACIÓN DE PROXECTO.-

Dase conta por parte do Sr. Alcalde do proxecto de “Acondicionamento de cementerio de San Cristobal” redactado polas arquitectas da Oficina de Rehabilitación do casco histórico de Ribadavia dona Mercedes Álvarez López e dona Begoña Arregui Rodríguez con un presuposto de execucion material de 43.455,47€ e cun total de presuposto de execucion de contrata de 59.985,93€.

No expediente constan os seguintes elementos:

1º- Acta de replanteo de data 19 de xaneiro do 2009 e realizada polas arquitectas redactoras dona Mercedes Álvarez López e dona Begoña Arregui Rodríguez.

Deliberado sobre o particular a Xunta de Goberno Local acorda por unanimidade dos seus membros a aprobación do proxecto “Acondicionamento de cementerio de San Cristobal” a dona Mercedes Álvarez López e dona Begoña Arregui Rodríguez por importe de 59.985,93€ .

CONTRATACION MEDIANTE PROCEDIMIENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE.-

Dase conta da proposta da Alcaldía relativa a aprobación do expediente de contratación do procedemento negociado sen publicidade de “Acondicionamento de cementerio de San Cristobal”

No expediente constan os seguintes elementos:

1º- Proxecto de data xaneiro do 2009 denominado “Acondicionamento de cementerio de San Cristobal”, elaborado polas arquitectas da Oficina de Rehabilitación do casco histórico de Ribadavia dona Mercedes Álvarez López e dona Begoña Arregui Rodríguez

2º- Proposta de alcaldía de data 09.01.09 en cumprimento do art. 22 da Lei 30/2007.

3º- Acta de replanteo de data 19 de xaneiro do 2009 e realizada polas arquitectas redactoras dona Mercedes Álvarez López e dona Begoña Arregui Rodríguez.

4º- Informe de Secretaría de data 16.01.09 no que se fan as seguintes consideracións:

1ª. De conformidade cos artigos 107 e 126 e seguintes da Lei de Contratos , no expediente debe constar o correspondente proxecto que en determinados casos se poderá simplificar de acordo co art. 107.2º de Lei 30/2007,pero que en ningún caso se poderá substituir o proxecto por unha memoria. Consta a correspondente acta de replanteo de data 15.09.08 comprobando a realidade xeométrica da obra e a dispoñibilidade dos terreos para a súa execución.

2ª. No expediente consta o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que cumpre os requisitos da normativa contractual, a xuízo desta Secretaría.

3ª. Antes da adopción do acordo polo órgano competente, procede á emisión de informe de existencia de consignación orzamentaria, sen prexuízo da fiscalización de legalidade por parte da Intervención municipal de acordo co art. 93 da Lei 30/2007.

4ª. A Xunta de Goberno Local é o órgano competente para proceder á aprobación do expediente de contratación conforme ao establecido no Decreto de Delegación de competencias de Alcaldía en Xunta de Goberno.

5ª. Unha vez aprobado o expediente de contratación, procederase á invitación de tres empresas sen que sexa necesaria a publicación nos BO pertinentes de conformidade co artigo 161.2º ao ser o contrato de cuantía inferior a 200.000 euros., e sen perxuízo da publicación do artigo 126.4º.

6ª- De conformidade co art. 295 paragrafo 1º nos procedementos negociados que esixan publicidade será preceptiva a constitución da mesa de contratación, polo cal no caso concreto é potestativa.

7ª. En principio procedería á publicación do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares de conformidade co artigo 122 do T.R.R.L. en relación coa STS de 22-06-04, non obstante, a nova Lei 30/2007 deroga expresamente o art. 122 do TRRL de xeito que os pregos non son obxeto de publicación

CONCLUSIÓNS.-

Infórmase favorablemente en canto á legalidade do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e no referido á inclusión da correcta documentación no expediente de contratación.

5º- Informe de intervención de data 19.01.09 no que se fan as seguintes consideracións:

Consta Resolución de aprobación del proyecto del Secretario de Estado de Cooperación Territorial de fecha 07.01.09. Dicha autorización establece expresamente autorización para la financiación con los recursos del Fondo Estatal de Inversión Local, de acuerdo con el Real Decreto-Ley 9/2008, de 28 de noviembre.

De acuerdo con el referido Decreto, le corresponde al Ayuntamiento de Ribadavia con cargo al Fondo Estatal de Inversión Local, la cantidad de 953.967 euros. Respecto al proyecto objeto del presente informe, la cantidad asciende a 59.985,93 euros.

Deberá tramitarse expediente de generación de créditos, por importe referenciado con cargo a compromisos firmes de Administraciones Públicas para financiar gastos que por su naturaleza son competencia de esta Administración Municipal.

Por todo lo expuesto, cabe concluir que, en relación con la actuación que se pretende llevar a cabo, se informa favorablemente con la salvedad señalada anteriormente.

6º.- Prego de Clausulas Administrativas Particulares de data 09.01.09.

A Xunta de Goberno Local acorda por unanimidade o seguinte:

1º.- Aprobar o expediente de contratación conforme as previsions dos artigos 93 e disposición adicional 2º da L.C.S.P..

2º.- Aprobar un gasto por importe de 59.985,93€.

3º.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares, abrir a fase de licitación mediante invitación a tres empresas e publicación no perfil do contratante.

INFORME DA CORPORACIÓN MUNICIPAL.-

“Examinado o expediente promovido por **don Manuel Domínguez Meiriño**, con domicilio no lugar de Ibia-Barcia (Melón), desta Vila, en virtude da instancia nº 4392 de data 17 de xullo de 2008, solicitando licencia municipal para o Proxecto técnico de instalación de calefacción e almacenamento de combustible nun inmovible sito na rúa Otero Pedraio nº12, deste término municipal, actividade comprendida no Decreto 133/2008 polo que se regula a evaluación de incidencia ambiental, RESULTANDO: que se cumpriron tódolos trámites de información pública así coma notificacións persoais aos veciños inmediatos incorporando os informes da Delegación Provincial de Sanidade e os informes técnicos municipais.- CONSIDERANDO: que o proxecto técnico en canto a súa posible repercusión sobre a sanidade ambiental e as medidas correctoras necesarias para garantir a tranquilidade, salubridade e seguridade cidadá e a súa adecuación ao medio ambiente, suxeitarase ao informe que emita o Servizo de Calidade e Avaliación Ambiental da Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible da Xunta de Galicia.- Visto o

Decreto nº 133/2008 e demais disposicións concordantes de aplicación, a Xunta de goberno local acorda:

1º.- Informar favorablemente a concesión da licenza instada por don Manuel Domínguez Meiriño, para o Proxecto técnico de instalación de calefacción e almacenamento de combustible, nun inmoible sito na rúa Otero Pedraio nº12, deste termo municipal, xa que no expediente observáronse tódalas prescricións que establece o devandito Decreto e disposicións complementarias.-

2º.- Dar traslado do expediente completo o Servicio de Calidade e Avaliación Ambiental da Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible da Xunta de Galicia, aos efectos de que se emita por este Organismo o correspondente informe”.

PROPOSTA ALCALDÍA

O sr. Alcalde don Marcos Blanco Jorge propón a Xunta de goberno local a ampliación do prazo para efectuar alegacións ao PXOM ata o 30 de xaneiro que serán debidamente contestadas polo equipo da Consultora Galega, estando amparada no principio de autoorganización das entidades locais e sen que en ningún caso se considere como unha ampliación do prazo de publicación da aprobación inicial do PXOM, posto que se trata simplemente de admitir máis alegacións pero non necesariamente dunha información pública para coñecemento dos cidadáns, e dado que dito acordo debe ratificarse polo Pleno que se celebrará o 29 de xaneiro non se considera viable mandar o acordo ao DOGA, posto que sería imposible que a publicación se materializase dende o 29 ao día 30.

Deliberado sobre o particular a Xunta de Goberno Local acorda por unanimidade dos seus membros ampliar o prazo para efectuar alegacións ao PXOM ata o 30 de xaneiro.

6.- ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-

Non houbo.-

E sendo as dúas e cuarto do mediodía, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.

O ALCALDE

O SECRETARIO